

Programa formativo de emprendemento e  
capacitación profesional para mulleres artistas

# Womarts Training

Do 3 de novembro ao 18 de decembro



Docencia virtual  
e creación artística presencial

Envío de candidaturas  
(cv e carta de motivación) a  
**7hcoop@7hcoop.gal**  
até o 23 de outubro

Máis información en  
[www.womarts.eu/project/](http://www.womarts.eu/project/)  
[www.compostelacultura.gal/](http://www.compostelacultura.gal/)



## Programa formativo de emprendemento e capacitación profesional para mulleres artistas

Co claro obxectivo de procurar un espazo de intercambio, visibilización, profesionalización e consolidación da presenza das mulleres nas artes, nace esta proposta da man do Auditorio de Galicia e do Limerick Institute of Technology de Irlanda, partners no proxecto europeo Wom@rts, financiado polo Programa Europa Creativa da Unión Europea.

A proposta baséase nunha programación interdisciplinar arredor do emprendemento e a capacitación profesional estruturada en seis bloques temáticos, impartidos de xeito maioritariamente virtual e durante sete sesións.

Con anterioridade ao comezo do programa realizarase unha enquisa ás participantes seleccionadas co obxectivo de sondar as súas percepcións e preocupacións profesionais sobre o contexto económico da arte e a cultura en Galicia, así como de concretar, segundo os seus intereses, os temas de cada bloque de contidos.

O programa formativo, de 30 horas de duración, contempla 24 horas en grupo, das cales as 16 primeiras serán de formación virtual e as outras 8 presenciais, incluíndo estas últimas a elaboración dunha peza colectiva e o peche do curso no Auditorio de Galicia. As 6 horas restantes até completar as 30 recollen o tempo de traballo individual de cada participante e un servizo de tutorización individualizado coas docentes de cada tema.

### PROGRAMA DE CONTIDOS

Os seis bloques do curso, que abordan dende a exploración da identidade artística ao impulso e consolidación da carreira profesional, son os seguintes:

#### **Bloque 1: *A identidade artística no mercado laboral***

**Martes 3 de novembro, de 9 a 13h**

- Presentación do programa e plataforma Wom@rts.
- Un nome propio: branding e storytelling.
- Comunicación eficiente: o discurso oral.
- Marketing dixital: xestión e presenza en redes.

#### **Bloque 2: *Emprendemento cultural***

**Martes 10 de novembro, de 9 a 12h**

- Autoemprego ou emprendemento colectivo.
- DAFO e Canvas Cultural.
- Impostos e responsabilidades legais.

#### **Bloque 3: *Presentación e análise de proxectos***

**Martes 17 de novembro, de 9 a 12h**

Durante a terceira xornada do programa, aproximaremos ás experiencias e proxectos persoais de cada unha das participantes a través da análise colectiva de casos prácticos. Co fin de facilitar o intercambio e o diálogo, primeiramente realizarase un encontro virtual coas trinta participantes nas que se expoñerán exemplos reais para o seu análise e debate conxunto. Posteriormente, en tres grupos de 10 persoas cada

un, profundarase nas cuestións e interrogantes suscitadas. Finalmente, tralo traballo en equipo, as participantes volverán reunirse nun mesmo espazo virtual para a posta en común de ideas e a recollida de conclusións.

#### **Bloque 4: *O día a día coma profesionais***

**Martes 24 de novembro, de 9 a 12h**

- Contas creativas: da idea ao orzamento.
- Ferramentas financeiras: apoderamento fiscal e económico.
- Asesoramento legal: dereitos e boas prácticas.

#### **Bloque 5: *Financiamento cultural***

**Martes 1 de decembro, de 9 a 12h**

- Bolsas, axudas e contratación pública.
- Financiamento tradicional vs finanzas éticas.
- Europa Creativa: financiamento internacional e redes colaborativas.

#### **Bloque 6: *Creando un proxecto colectivo a través da serigrafía***

**Martes 15 e venres 18 de decembro, de 10 a 14h**

- Introducción á técnica serigráfica.
- Concepción dun orixinal que nos represente.
- A aventura de estampar: fanzine cooperativo.
- Peche do curso.

### **METODOLOXÍA**

Cada un dos seis bloques de contidos desenvolverase ao longo dunha ou dúas sesións coa docencia dunha ou varias formadoras especializadas nas temáticas, abordadas de forma transversal desde a perspectiva de xénero. En todos eles, realizarase unha aproximación teórica sobre a materia en cuestión, ofreceranse exemplos reais e experiencias profesionais arredor da mesma, e dedicarase unha parte final á consulta colectiva de dúbidas e intercambio de experiencias entre as participantes co fin de favorecer unha aproximación práctica á realidade profesional no eido da cultura.

As sesións virtuais, que se realizarán a través da plataforma ZOOM, procurán favorecer unha comunicación transversal e multidireccional entre formadoras e participantes. En todos os casos, as formadoras facilitarán material audiovisual e ligazóns a webs de interese para que as alumnas consulten e amplíen información sobre os diferentes temas tratados. Ademais, as participantes poderán realizar consultas individualizadas ás formadoras co fin de resolver as dúbidas que poidan xurdir tralas sesións.

O programa contará en todas as sesións coa mediación de 7H Cooperativa Cultural.

### **PROCESO DE SELECCIÓN DE ARTISTAS PARTICIPANTES**

O envío de candidaturas realizarase antes do 23 de outubro a través de correo electrónico, facilitando a 7Hcoop@7hcoop.gal a seguinte información:

- Nome e apelidos, data de nacemento e pseudónimo (se é o caso).
- CV, bio e/ou portafolio artístico.

- Breve texto no que se explique a motivación para inscribirse no programa e as expectativas sobre o mesmo.

O criterio de selección centrarase na análise do CV e a carta de motivación das interesadas, que realizará o equipo técnico do Auditorio de Galicia e da organización do programa formativo. O límite de prazas é de 30.

## FORMADORAS

**Soledad Felloza.** Actriz, contadora de historias, fotógrafa, escritora e dramaturga, é unha multidisciplinar artista que traballa desde diferentes perspectivas a comunicación. Directora do Festival Internacional de Narración Oral Atlántica desde a súa creación en 2013, ten actuado en festivais de Uruguai, Arxentina, Chile, Bolivia, Venezuela, Cuba, Alxeria, Perú, Francia, Italia, Portugal e Holanda. Participante en campañas de animación á lectura e en circuitos de artes escénicas do ámbito internacional, ten ampla experiencia na posta en escena de espectáculos para todo tipo de públicos, entre os que destacan “Tirant Lo Blanc” do Instituto do Mediterráneo de Pepe Monleón, con mozos de capacidades diferentes de sete países de Europa, ou “As mulleres e o mar”, no Centro de Arte de Argel. Docente en obradoiros de teatro en centros penitenciarios da Península, ademais de colaborar en publicacións literarias e de teatro, é autora de obras infantís como *A Cociñeira do rei* (OQO, 2015) Premio Europeo de Narración Oral ao Mellor conto para nenas e nenos.

**Raquel Doallo.** Licenciada en Economía pola Universidade de Alicante e Máster en Microcréditos para o Desenvolvemento pola Universidad Autónoma de Madrid. Economista especializada en emprendemento, en finanzas éticas e en economía social e solidaria, ten traballado como avaliadora de proxectos de cooperación internacional e educación para o desenvolvemento. É socia-fundadora de [Cestola na Cachola](#), S. Coop. Galega, entidade na que foi responsable das áreas de xestión e formación cooperativa entre 2013, cando se fundou, até o 2020, e forma parte de [AIS O Peto](#) e [Fiare Banca Ética](#), sendo socia promotora de Fiare Galiza.

**África Rodríguez.** Licenciada en Dereito e Ciencias Políticas pola Universidad Carlos III, Máster en Dereito da Unión Europea pola Universidad Carlos III e en Xestión Pública polo Instituto de Empresa, é ademais *coaching* certificada pola [International Coaching Community](#). No 2013 fundou en Pontevedra o espazo de *coworking* [Espacio Arroelo](#), desde o que promoven proxectos de innovación social, e desde 2017 forma parte do equipo [As Sequoias](#), no que traballan no deseño e creación de comunidades de aprendizaxe, entre os que destaca [A Redeira](#) para o Concello de Pontevedra. No ámbito internacional, desde 2018 forma parte de [Ticket2Europe](#), onde diseña proxectos europeos e colabora na construción de redes con persoas e organizacións doutros países como a [European Creative Hubs Network](#).

**Teófila N. Ruiz Kulianos.** Serígrafa autodidacta e docente con 25 anos de experiencia na serigrafía artesanal, é directora de [Do Paraná, Espazo Serigráfico](#), escola-taller multifuncional dedicada á edición de obra gráfica orixinal e á estampación textil e publicitaria en varios soportes desde un enfoque práctico que prioriza o *saber-facer*. Experta en Xestión Emprendedora da lectura e escritura pola Universidad de Extremadura, é poeta, performer e xestora cultural. Entre os numerosos proxectos que ten dirixido e deseñado destacan as xornadas multidisciplinares ‘Que ves cando me

ves?’ (2011), orientadas a promover a visibilidade da muller na produción cultural galega actual e a alimentar a experimentación e a reflexión crítica da cidadanía.

**María Sánchez.** Doutora *Cum Laude* en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid (Departamento de Sociología da Comunicación, 2016) coa tese “El uso de las redes en la gestión socio-cultural de proyectos artísticos”, é, ademais, Técnica de Especialización Community Management de AERCO (2012); Máster en Mercado de Arte e Xestión de Empresas Relacionadas da Universidade Antonio de Nebrija (2009); e Curso de Especialidade Critical, Curatorial & Cybermedia - CCC na Haute École d’Art et de Design de Xenebra (2008). Recentemente, traballou na Delegación de España ante a UNESCO en París (2018/19) como experta en cultura trala súa etapa como coordinadora do [Consortio de Galerías de Arte Contemporáneo](#) (2016/18). Tamén traballou no programa “First Collectors” de ARCOmadrid. Actualmente é investigadora, consultora de arte contemporánea e asesora particular de coleccionistas internacionais ademais de docente no Máster de Mercado de Arte e Xestión de Empresas Relacionadas da Universidade Antonio de Nebrija (Madrid).

**Helena Sanmamede Maneiro.** Licenciada en Ciencias Empresariais pola Universidade da Coruña, conta cun posgrao en Xestión de Pemes e Cooperativas e ampla experiencia profesional no eido da formación económica, fiscal e de xestión. En 2013 fundou o proxecto [Étikas](#), dedicado ao asesoramento de persoas autónomas e entidades da economía social, no que traballa desde entón. En xullo de 2020 incorporouse coma consultora a [REAS-Galicia](#) (Red de Redes de Economía Alternativa y Solidaria) para a xestión de proxectos e subvencións. No ámbito do activismo, destaca a súa militancia no eido femnista coma socia-fundadora da [Asociación de Estudos Laborais Feministas](#) (ASELAFEM) e colaboradora habitual da [Revirada Revista Feminista](#), así como no campo da economía social, no que é parte activa de [Fiare--Banca Ética](#) e socia-fundadora de [Zocamiñoca, S.Coop.Galega](#).

**Marta Suárez-Mansilla.** Avogada especializada en Dereito da Cultura e xestora cultural, é Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela; Máster en Xestión e Liderado de Proxectos Culturais na Universidad Rey Juan Carlos; Máster de Investigación en Dereito da Cultura pola Universidad Carlos III e a UNED e doutoranda na UNED cun proxecto de investigación centrado na restitución internacional de bens culturais. Desde 2016 forma parte de [Artworld Law](#), consultora xurídica especializada no campo cultural que ofrece asesoramento legal en 360° sobre Dereito artístico e Dereito cultural, tanto para o sector público como para o privado. Vicepresidenta da [Asociación Derecho del Arte](#), traballou na Feira de Arte Contemporánea [Art Madrid](#), na galería de arte BAT Alberto Cornejo, na Biblioteca Nacional de España e en varios proxectos culturais independentes.

## ARTISTAS CONVIDADAS

**Susana Blasco.** Licenciada en Publicidade e Empresariais, ten tamén formación en arte e deseño. Despois de traballar en distintos estudos e axencias de publicidade de Zaragoza como deseñadora gráfica e directora de arte, en 2007 constitúe o seu propio estudo gráfico e recibe unha bolsa DPZ para ampliar os seus estudos artísticos no estranxeiro. En 2008 traslada a súa residencia a Londres, onde alterna o

traballo coma *freelance* e os estudos de varios cursos monográficos na prestixiosa [Central Saint Martins College of Art and Design](#). De regreso a España fixou o seu taller Bilbao, desde onde traballa como deseñadora gráfica, ilustradora e creadora de colaxes. O seu traballo foi apuntado en medios especializados e formou parte de numerosas exposicións individuais e colectivas tanto no Estado español coma en lugares coma Los Ángeles, Miami ou Lisboa. Actualmente compaxina o seu traballo como deseñadora e ilustradora coa súa faceta artística e imparte *workshops* e conferencias en distintas partes do mundo.

**Angélica Dass.** Licenciada en Belas Artes pola UFRJ de Brasil e Máster en Fotografía pola EFTI de Madrid. É a creadora do proxecto [Humanæ](#), aclamado internacionalmente, e que viaxou a máis de 48 cidades de seis continentes (desde o Foro Económico Mundial en Davos até as páxinas de National Geographic) para promover un diálogo que desafia a nosa forma de pensar sobre a cor da pel e a identidade étnica. Outros dos seus proxectos fotográficos máis destacados son *Eu (Son) somos*, organizado xunto á ONG Alianza pola Solidariedade; *Veciñas*, promovido polo Alto Comisionado de Malí en España, sobre a vida de mulleres malianas e migrantes en España; ou *280 lategazos*, un proxecto de fotografía que forma parte da exposición colectiva e itinerante *AfricAmericanos*.

**Ruth Montiel Arias.** Graduada en Artes aplicadas pola Escola Superior de Artes Pablo Picasso da Coruña, é Máster de Fotografía Concepto e Creación en EFTI e Máster de Identidade Corporativa na Escola Superior de Deseño Elisava de Barcelona. A súa obra foi exposta, de maneira individual e colectiva, en diversas institucións culturais como Kulturmodell (Passau, Alemaña); a Antiga Capela da Beneficencia (Logroño); a Cidade da Cultura de Galicia (Santiago de Compostela); Sala de Exposicións da Deputación de Lugo; Centro Municipal das Artes (Alcorcón) ou o Centro Hispano Colombiano (Madrid), así coma en galerías de nivel internacional, entre as que cabe sinalar a Moproo (Xangai), e estatais, como a Galería Lebre, a Galería Cero, a New Gallery ou Noestudio. Seleccionado en distintos certames de arte e natureza, así como en bolsas e residencias artísticas nacionais e internacionais, o seu traballo está fortemente vinculado co activismo medioambiental.